

Resolución do 5 de setembro de 2017 da Fundación Galicia Europa relativa ao cambio de data para o desenvolvemento da primeira edición do programa TecEuropa de especialización en materia de financiamento comunitario 2017 convocado con data 19 de xullo de 2017.

En cumprimento dos fins fundacionais e do plan de actuación 2017 aprobado polo seu padroado, con data 19 de xullo de 2017, a Fundación Galicia Europa (FGE) convocou dúas edicións, de 20 prazas cada unha, do programa de especialización en materia de financiamento comunitario (TecEuropa) que consistirá nunha semana de formación en Bruxelas e dous días de formación práctica en Santiago de Compostela e que está dirixido ao persoal de determinadas entidades galegas interesadas en participar en proxectos europeos. Con esta actuación, a FGE pretende continuar co seu compromiso de impulsar a participación das entidades públicas e privadas sen ánimo de lucro galegas na captación de fontes de financiamento comunitario que permitan executar todo tipo de proxectos en beneficio do tecido produtivo e da sociedade galega en xeral.

A primeira edición do programa estaba prevista para a súa realización entre os días 26 e 29 de setembro en Bruxelas e os días 19 (mañá e tarde) e 20 de outubro (mañá) en Santiago de Compostela.

Nas datas previstas para o desenvolvemento do programa en Bruxelas coincide no tempo con outros eventos organizados por distintos organismos e institucións europeas con gran afluencia de asistentes, o que implica unha alta ocupación dos establecementos hoteleiros e, consecuentemente, a escaseza de prazas para aloxamento e un incremento moi elevado dos prezos. Debido a isto e co fin de evitar graves perxuizos económicos ás persoas solicitantes e posibles beneficiarias do programa de formación na primeira edición do programa TecEuropa 2017, considerouse necesario cambiar as datas sinaladas para o seu desenvolvemento.

En virtude do exposto, no exercicio das competencias atribuídas nos Estatutos da Fundación Galicia Europa e demais normativa de aplicación,

RESOLVO:

Primeiro. Modificar a convocatoria do programa TecEuropa 2017 no que se refire as datas de realización da primeira edición do programa de especialización en materia de financiamento comunitario (TecEuropa) que terá lugar entre os días 17 a 20 de outubro en Bruxelas e os días 9 (mañá e tarde) e 10 de novembro (mañá) en Santiago de Compostela, e dispor a publicación da convocatoria modificada na páxina web da Fundación Galicia Europa.

Segundo. Abrir un novo prazo de presentación de solicitudes para a dita primeira edición de sete días naturais, que comezará a contar a partir do día seguinte á publicación desta resolución na páxina web da FGE. As persoas que xa houberan presentado en prazo a súa solicitude para calquera das dúas edicións convocadas non precisan volver a presentar nova solicitude. As solicitudes xa presentadas para a primeira edición 2017 de TecEuropa se considerarán a todos os efectos como presentadas para a nova data proposta.

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2017

O Vicepresidente da Fundación Galicia Europa

Alfonso Rueda Valenzuela

Convocatoria do Programa TecEuropa 2017

En cumprimento dos fins fundacionais e do plan de actuación 2017 aprobado polo seu padroado, a Fundación Galicia Europa (FGE) convoca dúas novas edicións, de 20 prazas cada unha, do programa de especialización en materia de financiamento comunitario (TecEuropa) que está dirixido ao persoal das entidades galegas interesadas en participar en proxectos europeos.

Con esta actuación, a FGE pretende continuar co seu compromiso de impulsar a participación das entidades públicas e privadas galegas na captación de fontes de financiamento comunitario que permitan executar todo tipo de proxectos en beneficio do tecido produtivo e da sociedade galega en xeral.

Así mesmo, esta actividade formativa pretende constituír unha rede de técnicos de proxectos europeos en Galicia coa que facilitar os contactos entre os xestores dos proxectos europeos en Galicia, a presentación de proxectos conxuntos e un mellor aproveitamento e impacto dos fondos europeos na nosa comunidade.

1. Descrición

Convócanse 20 prazas para cada unha das dúas edicións en réxime de concorrència competitiva no marco do programa TecEuropa que consistirá nunha semana de formación en Bruxelas e dous días de formación práctica en Santiago de Compostela.

A primeira edición desenvolverase entre os días 17 e 20 de outubro en Bruxelas e os días 9 (mañá e tarde) e 10 de novembro (mañá) en Santiago de Compostela.

A segunda edición terá lugar entre os días 21 e 24 de novembro en Bruxelas e os días 30 de novembro (mañá e tarde) e 1 de decembro (mañá) en Santiago de Compostela.

Durante a estadía en Bruxelas, os participantes recibirán unha formación especializada sobre o marco financeiro comunitario 2014-2020, ademais de visitar as sedes das institucións europeas co obxectivo de coñecer de primeira man as súas competencias e funcionamento. Durante os dous días de formación en Santiago, abordaranse os aspectos prácticos para acceder e xestionar os fondos comunitarios.

Reservarase un mínimo de dez das 20 prazas existentes de cada edición para o persoal vinculado con algunha das entidades membros do padroado da FGE. De non se cubriren as prazas reservadas, acumularanse aos restantes grupos sinalados no punto 3 desta convocatoria.

2. Obxectivos

- Formar a responsables en asuntos comunitarios para o desenvolvemento de proxectos europeos.
- Familiarizar aos participantes co financiamento comunitario e as diferentes políticas comunitarias nas que se encadra.
- Fomentar o desenvolvemento dunha rede de técnicos de proxectos europeos en Galicia que facilite os contactos entre eles, a presentación de proxectos conxuntos e un mellor aproveitamento e impacto dos fondos europeos na nosa comunidade.

- Axudar as entidades participantes a sacar o máximo proveito das oportunidades que ofrece a Unión Europea: promoción exterior, obtención de financiamento, participación en redes de cooperación, etcétera.

3. Persoas destinatarias e requisitos de admisión

Poderán solicitar a participación no programa TecEuropa:

- 1- Persoal vinculado con algunha das entidades membros do padroado da FGE: Xunta de Galicia, ABANCA, Consorcio Zona Franca de Vigo, Deputación de A Coruña, Deputación de Lugo e Axencia Galega de Innovación (GAIN) para as que se establece unha reserva mínima de 10 prazas.
- 2- Persoal vinculado con algunha das entidades locais galegas.
- 3- Persoal vinculado con algunha entidade pertencente ao terceiro sector en Galicia.
- 4- Persoal vinculado con algunha das demais entidades públicas ou privadas galegas sen ánimo de lucro.

Os solicitantes deberán, ademais, cumprir os seguintes requisitos:

- Non ter participado no programa de especialización en materia de financiamento comunitario convocado pola Fundación Galicia Europa en convocatorias anteriores.
- Contar co apoio da entidade onde traballa (Anexo II).

4. Prazo e presentación de solicitudes

Ábrese un prazo excepcional de solicitudes unicamente para a dita primeira edición de TecEuropa de sete días naturais, que comezará a contar a partir do día seguinte á publicación desta resolución na páxina web da FGE.

As persoas interesadas deberán cumprimentar o formulario de solicitude (Anexo I), no que deberán sinalar a dita edición, e enviálo por correo electrónico, solicitando confirmación de lectura, ao enderezo fges1@fundaciongaliciaeuropa.eu

Nos dous días seguintes á recepción da solicitude, a FGE remitirá un correo confirmando a mesma.

Xunto coa solicitude de participación acompañarase copia da seguinte documentación:

- Anexo II (asinado polo superior xerárquico da entidade)
- Currículo Vitae
- Documentos acreditativos dos méritos alegados (punto 6)

5. Comisión de valoración

Nos cinco días seguintes á publicación desta convocatoria, o director da Fundación Galicia Europa designará unha comisión de valoración, que será o órgano colexiado encargado de avaliar o procedemento de acordo cos criterios obxectivos fixados no punto seis, así como de propoñer a concesión ou denegación das prazas no programa de formación ás persoas interesadas.

A comisión estará composta por un presidente e dous vogais. A súa composición será publicada na páxina web da FGE.

6. Criterios de selección

A selección das persoas participantes realizarase segundo o seguinte baremo:

- a) Motivación e interese en proxectos europeos para a entidade para a que traballa (máximo 20 puntos).
- b) Proxectos europeos para os que está preparando unha proposta ou proxectos europeos nos que participou (máximo de 15 puntos).
- c) Formación específica acreditada en asuntos europeos (máximo de 15 puntos).

Para a adxudicación de prazas nas respectivas edicións, atenderase en primeiro lugar a indicada como preferente pola persoa solicitante. De non ser seleccionado nesta opción, a súa candidatura será valorada para a edición escollida en segundo lugar.

7. Financiamento e xestión económica

O financiamento desta actividade enmárcase no apartado 1a) axudas monetarias, con cargo á conta 6500 “axudas monetarias individuais”, do orzamento de gastos da FGE para o exercicio 2017 que ten crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento por importe total de 28.000,00 euros. De se producir remanente orzamentario poderá ser incorporado a outras actividades da FGE dentro do mesmo capítulo.

A organización da viaxe e estada en Bruxelas correrá a cargo de cada participante. Como compensación dos gastos orixinados, a FGE aboará un máximo de 700 euros a cada beneficiario, segundo os gastos que xustifique, unha vez finalizada a estada en Bruxelas e acreditada a participación en todas as actividades. Para elo, deberá presentar na sede da Fundación Galicia Europa (Rúa do Hórreo 61, 15701 en Santiago de Compostela) o Anexo III así como a documentación que corresponda da seguinte relación:

1. Orixinais das tarxetas de embarque e factura orixinal do abono do billete de avión.
2. Factura orixinal do abono do aloxamento.
3. Xustificantes orixinais dos gastos de desprazamento.
4. Facturas ou xustificantes orixinais dos gastos de manutención.
5. Xustificante expedido pola entidade bancaria do número de conta do beneficiario (IBAN), onde desexa que se realice o ingreso que corresponda.

Os participantes que soliciten reintegro dos gastos de viaxe a Bruxelas non poderán adiantar a viaxe de ida nin retrasar a viaxe de volta, salvo autorización expresa da FGE por motivos laborais xustificados.

As persoas beneficiarias non poderán percibir ningunha compensación económica doutras entidades polos conceptos acreditados ante a Fundación Galicia Europa.

Os participantes neste programa serán responsables da súa cobertura sanitaria durante a estada en Bélxica.

8. Resolución

Corresponde ao director da FGE resolver esta convocatoria, que se publicará xunto cunha relación de suplentes (con reserva proporcional de prazas para entidades membros da FGE) na páxina web da FGE nun prazo de 10 días hábiles desde o remate do prazo de presentación de solicitudes. Os seleccionados serán igualmente informados a través do enderezo electrónico de contacto facilitado.

As persoas beneficiarias terán que confirmar á FGE no correo electrónico fges1@fundaciongaliciaeuropa.eu a súa aceptación ou renuncia á estadía nun prazo máximo de 7 días naturais desde a publicación da resolución.

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2017

O vicepresidente da Fundación Galicia Europa

Alfonso Rueda Valenzuela

PROGRAMA TecEuropa 2017
Anexo I

1. DATOS DA PERSOA SOLICITANTE		
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO

TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	POR TA
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE		
TELÉFONO	FAX	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO		

2. FUNCÍONS
2.1 Memoria explicativa da motivación e interese para a entidade para a que traballa.
2.2 Breve exposición dos proxectos europeos para os que está preparando unha proposta de proxecto ou proxectos europeos nos que participou.
2.3 Formación específica en asuntos europeos que poida acreditar documentalmente.

1. EDICIÓNS 2017 (seleccione cun "x")	
1ª edición (do 17 ao 20 de outubro en Bruxelas e o os días 9 (mañá e tarde) e 10 (mañá) de novembro en Santiago de Compostela)	
2ª edición (do 21 ao 24 de novembro en Bruxelas e o 30 de novembro (mañá e tarde) e 1 de decembro (mañá) en Santiago de Compostela)	

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE

Lugar e data

	,		de		de	2017
--	---	--	----	--	----	------

Autorizo a que, en caso de ser seleccionado para participar neste programa, os datos profesionais incluídos neste formulario sexan compartidos cos demais participantes no programa coa finalidade da creación dunha rede de técnicos especialistas en financiamento comunitario para poder compartir experiencias ou información de interese.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. O candidato pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido á Fundación Galicia Europa como responsable do ficheiro.

Fundación Galicia Europa

Programa TecEuropa 2017

Anexo II

En relación coa solicitude presentada por D/Dna _____ para participar no programa TecEuropa, de especialización en materia de financiamento comunitario edición de 2017, convocado pola Fundación Galicia Europa, comunícolle a autorización e apoio desta entidade.

Nome da entidade

Nome e apelidos do superior xerárquico ou persoa responsable

Cargo

En _____, __ de _____ de 2017

Sinatura: _____

Fundación Galicia Europa

Programa TecEuropa

Anexo III

FORMULARIO DE SOLICITUDE DO ABOAMENTO DOS GASTOS

Relación de documentos acreditativos do gasto realizado no desenvolvemento do programa TecEuropa
Importe máximo por participante: 700 euros

Nome e apelidos:

<input type="checkbox"/>	Relación de Facturas orixinais da viaxe e/ou xustificantes dos traslados
<input type="checkbox"/>	Relación de Facturas orixinais do aloxamento
<input type="checkbox"/>	Relación de Facturas / xustificantes orixinais de manutención
<input type="checkbox"/>	Tarxetas de embarque
<input type="checkbox"/>	Xustificante expedido pola entidade bancaria do número de conta do beneficiario (IBAN) onde desexa que se realice o ingreso

Declaro que non percibo ningunha compensación económica doutras entidades polos conceptos acreditados ante a Fundación Galicia Europa

Lugar e data

Sinatura: _____

Fundación Galicia Europa